

RAMÓN CARIDE



Fonte: portaldepoesia.com

1

Licenciado en Bioloxía pola Universidade de Santiago de Compostela, traballou como profesor de ensino secundario até finais do 2017 no IES Ramón Cabanillas. Animador de múltiples actividades culturais, foi o primeiro presidente da Asociación cultural A Santa Compañía de Cambados, onde reside; e un dos promotores da revista homónima. Foi columnista en xornais como *El Mundo*, *Faro de Vigo* ou *O Correo Galego*. Creou as series xornalísticas *Blues da fronteira* (*La Voz de Galicia*), *O libro de area* (*Faro de Vigo*), e colaborou en suplementos culturais (*Galicia Literaria*, *Faro das Letras*, *La Ría del Ocio*, *Arousa-Un mar de cultura*).

O cotián como inspiración

Por Ramón Nicolás (Fugas, *La Voz de Galicia*)

Velaquí unha nova entrega de Ramón Caride na que brilla o escalpelo crítico aplicado a unha sorte de «Apocalypse Selfie», operativa para retratar os nosos días.

Relatos e mais unha novela curta ou, se se quer, unha novela curta entre a que se dispoñen outras historias breves. No fondo tanto ten a estrutura, aínda que resulte ben traída esa imaxe de fragmentación como metáfora da realidade, pois Caride Ogando articula un libro compacto onde prima a vontade de espellar eses ángulos máis escuros que non adoitan iluminarse literariamente e que beben no mundo do cotián. Eses que atopamos nas páxinas dos xornais aludindo á perentoria necesidade de triunfar a todo custo, á afouta resistencia que algunhas persoas demostran en condicións extraordinariamente adversas ou á procura da supervivencia noutras.

2018-2019

Velaquí un compendio heteroxéneo de reaccións e comportamentos; presentes como motivos nos relatos que van do racismo á extorsión, das escravitudes laborais á mercantilización do sexo, das prácticas de suborno á prevaricación, do deseño das contradicións humanas ao falso mundo das aparencias, do mercado negro de órganos ás incompatibilidades persoais ata acabarmos nunha recreación da «xustiza pola man» rosaliana. Todo completado, na novela curta que se acrecenta, cunha historia que reflicte as reviravoltas dun secuestro exprés: motivo que resulta operativo para afondar na reflexión sobre outras realidades da condición humana que están aí.

Raro sería que nesta nova entrega de Caride non conflúsen trazos que o caracterizan como a habilidade compositiva, a fluidez nos diálogos, o dinamismo na disposición argumental ou a verosimilitude das historias ideadas, mais talvez destaque ese pouso desacougante que paira por estas páxinas e que interroga con efectividade sobre moitos asuntos de hoxe. Ese é, ao meu xuízo, un gran valor.

Fonte: <https://blog.xerais.gal/2016/interrogantes-sobre-o-presente-liquidacion-de-existencias-de-ramon-caride-critica-de-ramon-nicolas/>

Ramón Caride rides again Por Vicente Araguas (Diario de Arousa)

Faino cunha colección de contos, *Liquidación de existencias* (Edicións Xerais, Vigo, 2015), realistas como a vida mesma, irregulares cal a propia vida, intercalados, mesmo coa técnica da "rayuela", de maneira que unha das historias (a central, se cadra) vai avanzando a saltos, non de salto de cabalo, poisque avanza lifial, mais en plan peón, diríamos.


A cousa é que "Dous de copas", que así se chama este relato, é un asunto que ten que ver cun par de papóns (en inglés diselles "losers", palabra moito máis agresiva, onde vai parar!) que deciden racer un secuestro "exprés". A cousa acaba mal para os dous nachións, que me lembran un chisco a aquel fulano que en Fargo, dos irmáns Coen, optara por "secuestrar" á súa dona e así recadar un bo diñeiro do seu sogro, tan millonario como forriche. Mais o que non se desenrola mal é a historia, por máis que tamén tería pagado a pena de ficar no primeiro dos apartados, cando o non semellaba non (pero non, como veremos mái adiante). En "Dous de copas" hai alcohol e porros e puterios. Pero tamén noutros dos contos deste libro, un máis (pero non menos) na xa ampla bibliografía do de Cea, radicado nas Rías Baixas. Aquí, no Sur de Galicia, transcorren varios dos relatos caridianos. Pero estes viaxan tamén a outras áreas galegas, e mesmo a Kosovo, onde a denuncia de quen trafican con persoas atopa brillante correlato na opacidade da historia. A do vello comunista emparellado con muller máis nova, en trance de ser feito fillo predilecto da súa vila, toqueando diante da festa do lugar é unha pequena xoia. E hai tremendismo, moito, no conto da señora da limpeza de hoteis, que por mor de ter que cumprir o seu choio en diferentes lugares de traballo, vai e bate co que nunca quixera ter visto. Aí a cousa consegue maneiras de Quentin Tarantino por exemplo. Reflexión esta nada traída polos pelos se coidamos na disposición cinematográfica dos relatos de Caride. Sempre cun transfondo humano importante dentro do seu realismo perplexo, diante do absurdo da condición humana.

Emblemático o relato no que un nachíño, certamente xenófobo, medra diante do pésimo comportamento dun romanés cunha compatriota súa. Este conto ten varias voltas nunha especie de "tour de force" certamente meritosa. En cambio gustei pouco do relato titulado "Veteranos das guerras psíquicas", lastrado -penso eu- por un maniqueísmo propio dun realismo máis antañón do que adoita practicar Caride (e dun aliñamento político que non é preciso demostrar en literatura; as boas intencións -xa se sabe- son as que emprenderán o inferno). Dito isto engado que Ramón Caride é un autot mor eficaz e sabido, que sabe dar (como é o caso) un libro moi completo e enteiro que ten un aquel de crebacabezas que se vai recompoñendo a gusto do lector. Ese personaxe intelixente aínda que haxa quen non o tome por tal pretendendo lle dar gato por lebre. O que non é, certamente, o caso.

Fonte: https://blog.xerais.gal/wp-content/uploads/2016/02/Caride_Araguas.pdf

“Se podes contar una historia nunha páxina, para que vas escribir catro?”

Lourdes Varela entrevista a Ramón Caride (Faro da Cultura, 2016)



Fonte: Edicións Embora

O primeiro que chama a atención de *Liquidación de existencias* é a súa estrutura como libro: oito relatos e unha novela curta que, por dicilo dalguha maneira, os “atravesa”. Por que elixiu ese artellamento? Que procurou con esa especie de “división por entregas”, de troceado, da novela?

Para min, o esencial nesta obra é o “ambiente”, a “atmosfera”, o universo que é común a todas as historias, o tempo narrativo dunha “liquidación final”, de consumir coma se non houberse mañá, de “se ti non o fas, outro vaino facer por ti”, de “a imaxe é o que conta”, etcétera, como síntoma destes días que vivimos. Neste sentido as historias son abertas: tocamos un momento en cada relato, só parte dunha historia que comezou antes, e que rematará, moitas veces, fóra do mesmo texto. A novela “Dous de copas” xa tiña esta estrutura fragmentaria desde o inicio. Conta anacos da vida dos dous protagonistas, anacos separados por intervalos de tempo, a veces de meses. Mentres tanto,

entre unha escena e outra da novela, seguen pasando cousas: son os relatos intercalados na trama principal. Hainos curtos e longos, traxicómicos e absurdos. Hai de todo.

Aínda que con golpes de humor, a amargura e a tristura están presentes en todos os relatos. Trátase dun estado de ánimo persoal ou da visión da sociedade na que Vde., é dicir, o autor, vive?

Eu creo que un creador non ten a obriga de ser comprobante consigo mesmo, nin tampouco cos seus lectores. A súa única obriga é coa obra. Non debe traizoar a dureza da obra que el fai se é a mesma obra quen pide ese tratamento. A ficción, para min, ten que estar libre de tabús. Hai historias que non resistirían finais felices, serían impostados. Logo, a quen non lle guste, que non o lea, é libre tamén. O humor é unha cousa seria. Castelao dicía: “de trás do humorismo hai moita dor, por iso no

Tertulias literarias

ceo non hai humoristas”. Eu penso o mesmo. O humor é unha forma de resistencia coma outra calquera, ou superior a moitas. Os que gobernan no mundo son poderosos, pero son ridículos, e sábeno. Á parte disto, eu non son unha personaxe das miñas novelas, evidentemente, sería como preguntarlle a un actor que interpreta a un asasino en serie se mata tanto na súa vida real.

Como ocorre noutros libros seus, aquí tamén as personaxes protagonistas son xente normal, cotiá, común... Por que esa querencia por reflectir nas súas obras a xentes do común?

A xente común é a xente que me importa, a que leva os fillos ao colexio, merca o peixe ou toma café nun bar. É a miña. Eu non estou nun mundo aparte, ando na rúa con esa xente, vivo do meu traballo. Para min a literatura ten que ter as raíces no cotián, ou muda noutra cousa: nun produto esquisito, no sentido que empregan esta palabra os amigos portugueses, algo que só poden entender catro, incluíndo o autor. Isto téño claro, pero tampouco mataría por defendelo. Un creador nunca debería xustificar a súa obra. A propia obra é quen fala. Cada un que faga o que lle pete, eu estou cómodo con este material, que algúns dirían de refugallo. Encántame reciclalo e darlle valor engadido ao de cada día.

Algunhas destas historias naceron, segundo lle teño escoitado confesar, de noticias saídas na prensa. A realidade sobrepasa á ficción?

E tanto. Sobrepáaa, e con moito; é tópico pero é verdade. Nun dos relatos, por poñer un exemplo, imaxino un interrogatorio xudicial a un político corrupto, e as súas delirantes respostas aparecen estes mesmos días, pero aínda máis curiosas -coma o do fontaneiro que se cadra esqueceu a bolsa cun millón de euros- en varias declaracións desta xentiña, ou xentalla. “Dous de copas”, a historia máis longa do libro, parte dun feito real, que saíu na prensa, así como tamén “A consolidación do sector terciario”. Algunhas como “Chámalle XY” ou “Barra libre” saíron de cousas que lles pasaron a persoas que eu coñezo. Pero debo confesar, así entre nós, que unha delas é totalmente imaxinaria. Esta historia completa un relato inacabado de Ross MacDonald, o autor máis cool da novela negra, con permiso de Jim Thompson. Pero non vou dicir cal delas é, non sexa que me demanden.

Nalgún dos relatos, Vde. narra en primeira persoa. É unha maneira de identificarse máis co personaxe ou un recurso para chegar de xeito máis directo ao lector?

É a forma máis económica de vivir varias vidas, e aforro moito en psicoanalista... Agora en serio: cada historia demanda un xeito particular de contala. Neste caso, en “Dous de copas” ou “De pé ou de xoellos” ten que ser así porque a eficacia destes relatos depende de que hai cousas que os protagonistas dos relatos descoñecen ata o mesmo final. Por iso lles pasa o que lles pasa. Son contos que van de dentro para fóra; pero noutros casos como “Terapia ocupacional”, o primeiro, quero mostrar o ambiente do Polígono Outlet, o espazo que é o nexo dos relatos todos, así que empezo: “O fulano chegou ao híper...” estes van en terceira persoa, de fóra a dentro. Mesmo teño narrado, noutros libros, algunha historia en segunda persoa.

O xénero do relato curto está presente nunha boa parte da súa obra; así e todo, agora as editoriais semella que prefiren as historias longas. Isto, en principio, supoño que debe ser pola demanda dos lectores. Coida que habería que facer unha labor de dignificación ro relato curto, sobre todo na literatura galega, na que precisamente os relatos curtos están dabondo presentes e, de feito, compoñen un corpus moi importante?

Isto non é de agora, é de sempre. Eu publiquéi dous libros de relatos a comezos dos noventa, e ata que gañei o Blanco-Amor de Novela Longa non me fixeron moito caso. Falando da miña obra para lectores adultos, axiña voltei ao relato curto, que para min é básico, aínda que cada cinco ou seis anos publico unha novela longa, case sempre de menos de duascentas páxinas. Creo que se podes contar algo ben contado nunha páxina, non precisas facelo en catro... A pouca estimación do relato non sei se é cousa dos editores ou dos lectores, pero eu sempre tentei facer o que me gusta. Mesmo que me custe anos publicalo. Eu creo que o relato ten moito futuro, está menos “gastado” que a novela, que tras tanta experimentación ten que volver fatalmente ao de sempre. Pero a canonización literaria sempre tira máis pola novela. Por poñer un caso que sexa alleo a nós: as novelas de Cortázar, que envelleceron mal, son aínda máis recensionadas que os seus maravillosos relatos. A vida está chea de misterios.

Non deixa vostede de cultivar canto xénero literario se lle poña por diante. Este chamémoslle “policultivo “ de xéneros responde a retos persoais?


Isto do “reto”, como o da “vocación”, ou o da “inspiración”, que serán? Non o sei. O que tento é non aburrirme eu, tamén para non aburrir aos meus lectores. A min, como lector, gústanme os autores que non me aburren. As historias ben feitas, do xénero que sexa. Leo cousas moi diversas, desde ciencia ou historia a cómic. Mesmo lin algunha novela de mil páxinas... Cando escribo, esta diversidade aflora sen querer. A vida xa é monótona de máis para estar condicionado tamén a facer sempre o mesmo xénero literario, co mesmo punto de vista narrativo, etcétera.

Fonte: https://blog.xerais.gal/wp-content/uploads/2016/03/RCaride_FCultura.pdf

Pequenas alfaias narrativas

Precisión na linguaxe e acaído ritmo

Por Dolores Martínez Torres (Faro da Cultura, 2016)



Na entrevista publicada hai poucos días nestas páxinas, comentaba o autor certos aspectos fundamentais destes contos, nomeadamente a importancia da atmosfera e o tempo onde se desenvolven, e mais o carácter cotián que comparten, xa que todas as historias –agás unha: ese caso da moza desaparecida que Lew Archer xamais chegou a resolver– se inspiran en sucesos reais; o que non deixa de resultar inquietante, pois os seus contraditorios personaxes –definitivo, a este respecto, o relato inicial, cun narrador difícil de esquecer– protagonizan unha traxicomedia de consunción e consumo tan absurda coma verosímil, tan recoñecible coma distópica: a vida mesma unha grande superficie comercial, e o gando a darse dentadas camiño do matadoiro.

Un tal polígono Outlet – xeometría de refugallos– actúa como nexa, erixido en metáfora dun universo artificial de homoxeneidade controlada, un espazo desconectado por completo da realidade exterior, da natureza, das peculiaridades culturais e as tradicións diferenciadoras, ás que parasita e suplanta coa súa predicible globalidade: aire acondicionado, música ambiental, elementos suxestivos de estabilidade e felicidade –iso si, todo por un prezo– a conformar o hábitat propicio do

Tertulias literarias

novo feudalismo, se cadra cos amos de sempre –xa se sabe que “A man invisible e sabia do mercado goberna o mundo”– mais, por primeira vez, ocupado por unha caste de escravitude tan desexada coma voluntaria, seducida polas consignas dun ilusorio estado de benestar que ofrece de luxos a baixo custe, e onde a aparencia e a satisfacción individual triunfan sobre a conciencia ética, coa connivencia dos oprimidos.

Sobrias tarxetas de empresas radicadas no polígono preludian os contos, acompañadas por citas ao pé que inciden no concepto de deshumanización, subliñado este polo esvaradío simbolismo que suxire a desorde dos nomes dos citados. Tampouco semella inocente a elección dos nomes das vías, que fan lembrar o insólito santoral científico das do polígono do Tambre e inclúen a Darío Gancedo –personaxe de “Todos os camiños”– ou a Guy Débord, aquí moi oportuno na súa revisión da historia coma espectáculo e a reconsideración do valor dos desperdicios. Os frecuentes xogos de palabras revelan, por outra banda, inesperadas relacións e novos sentidos, que derivan ás veces cara ao humor –de certo, cousa seria– e outras provocan un calafrío de desesperanza: o propio título apunta a esa dobre lectura, pois converte esa expresión común, en aparencia inofensiva e que mesmo promete ventaxosas ofertas, nun estarecedor anuncio de vidas estragadas a deixarse escorrer polo sumidoiro abaixo, cara a un remate irreparable; e o mesmo pode dicirse do que nomea o relato máis longo, peripecia en catro entregas, á maneira dunha peli de colegas na estrada: “Dous de copas”, literalmente, e cun sangue máis quente ca frío.

Coma nos vellos romances –e tamén nas novas do xornal–, as historias iníciase in media res e presentan final trunco, a relatar o momento culminante; xustiza sen honor, sexo sen amor, ás veces é o estourido da violencia contida na forza dunha vinganza; outras, a constatación de que algo cheira a podre baixo o aroma corporativo. Mesmo os “ismos” políticos que determinaron os grandes conflitos do pasado semellan cousas de dinosaurios a a topenear na verbena ou entregados a ridículas pugnans. Así é a realidade por detrás do espellismo publicitario: con colorantes e conservantes e unha resaca que durará máis ca festa; mais aquí, xenuinamente, atoparán diversión e reflexión resumidas nestas pequenas alfaias narrativas, cun admirable sentido da medida, precisión na linguaxe e acaído ritmo.

Fonte: https://blog.xerais.gal/wp-content/uploads/2016/03/Liquidacion_FaroC.pdf

Para saber máis:

[Entrevista de Armando Requeixo](#) (Blog Criticalia)

[Entrevista na TVG](#)

[Ficha do autor na Galipedia](#)

[Arquivo documentación Tertulias Literarias \(dende 2010\)](#)



Biblioteca Central Rialda
Avenida Rosalía de Castro 227 A
15172 – Perillo (Oleiros)
Tfno.: 981 639 511
Fax: 981 639 996

Email: biblioteca.rialeda@oleiros.org
Blog: <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com/>

2018-2019